

TRIBUNA

Prácticas da vida

De camiño a casa no meu último día de prácticas, penso no afortunada que son por ter escollidio a profesión de xornalista. O comezo foi duro, tiña medo, non podo mentir, pero levo o mellor recordo posible do meu primeiro contacto co mundo laboral. Só dous meses me fixeron falta para darme conta de que o máis importante nesta vida é o amor cara o que fas.

Equivocame moitas veces. Pero aprendín outras tantas. Como a vida mesma. Recorrín a provincia coñecendo xente, lugares e historias que quedan para sempre no meu corazón. Nunca esqueceré a ilusión de publicar por primeira vez, nin a satisfacción de poder axudar con palabras a quien desinteresadamente nos abre as portas da súa vida. Entendín que o xornalismo segue tendo o poder de cambiar o mundo, por moito que nos intenten convencer do contrario.

Recoñezo que tiven sorte porque me tocaron os mellorres compañeiros. Sería egoísta non darilles as grazas por todo o que me ensinaron. Que do coa súa profesionalidade, coas súas ganas por facer ben un traballo que a maioría das veces non se valorá. Con eles coñecín o verdadeiro significado da palabra vocación. Xornalistas de pés a cabeza, loitán por demostrar que a súa profesión é tan válida coma calquera outra.

Experimentei retos a nivel profesional, tamén persoal. Foron momentos de reflexionar sobre o futuro, ese que tanto asusta, ou sobre o que tanto nos asustan. Sirvo para ser xornalista? Esa pregunta roldaba en miñ todos os días. Aínda coas bágoas nos ollos despois da experiencia deste verán, concluí que, con ganas e actitude, todos valemós para o que nos propofiamos.

Protagonistas
Antonio López Mariño
Xornalista e investigador

«Juan Antonio foi heroe, non cobaia»

Unha mostra recolle a historia do neno de Friol que levou a vacina da varíola a América

SUSO VARELA
LUGO / LA VOZ

Conta o xornalista Antonio López Mariño que cando coñeceu a historia dos nenos expósitos que levaron a vacina da varíola a América quedouse impresionado pola pouca difusión que tivo aquel feito único, ata ese momento, na historia da medicina mundial. Cando quedou sen traballo comezou a pescuar en arquivos, onde foi ampliando o relato, especialmente os dos principais heroes daquela travesía, os 21 nenos. Un deles nacerá un 22 de xaneiro de 1797 na parroquia de Xiá en Friol e o seu nome foi Juan Antonio. A súa vida é a daquelas que participaron na misión pederalista cofecida desde este sábado en San Paio de Narla a través dunha exposición con textos Mariño.

—**Que hipótese ten sobre como Juan Antonio pudo nacer en Xiá e aos cinco días acabar no hospital de Santiago?**

—O neno foi inscrito no hospital como nado en Xiá, Friol, e bautizado polo párroco Francisco de Jul y Seijas cinco días antes. Pero por algún motivo este cura non o rexistrhou no libro parroquial de Xiá. ¿Sería para salvala honra da algúnsa persoa con poder na zona? En Galicia, naquela época, o abandono de nenos era máis por pobreza que por unha cuestión moral, xa que temos constancia de que había moitos fillos de nais solteiras.

—**E como acaba en Santiago e logo cunha familia en Vedra?**

—O hospital da Coruña tiña, digamos, un radio de acción dos concellos máis próximos, pero o de Santiago chegaba a señoríos más amplos. Hai que pensar que ainda estámos no Antigo Régime. A inicios do século XIX na inclusa da Coruña entraban dous nenos á semana, mentres que na de Santiago eran dous ao día. Como eran tantos, buscaban



López Mariño diante do Museo, edificio que chegou a ser orfanato. sv

«Necesitaban
nenos con boa
saúde e que non
tiveran a varíola»

nais que puideran aleitar ao neno e por iso Juan Antonio acaba cunha familia, que era remunerada, en San Mamede de Rivadulla (Vedra).

—**E logo como volvے a Santiago e acaba sendo escolido na misión da varíola.**

—Os nenos, cando cumplían 7 anos regresaban ao hospital, e recibían unha mínima instrución para con 14 anos marchar. Os rapaces cun oficio e as rapazas para labores domésticas. ¿Por qué escollerón a Juan Antonio? Necesitaban nenos que tiveran boa saúde porque fan estar expostos a un estrés físico na travesía de tres meses polo mar, e por outra parte que nunca houberan tido a varíola, porque senón xa estaban inmunizados. A misión era

un mandato real, do rei Carlos IV, e escolllérone nenos galegos e a corveta María Pita saiu da Coruña porque en Galicia tivera pouca incidencia da varíola.

—**E por que se empregaron nenos, e non adultos?**

—Por un lado porque os nenos había máis probabilidade de saber se tiveran ou non a varíola. E desbotaron a idea de levar soldados ou presos porque había riscos de que se anotase persoas que ocultaran que pasaran a enfermidade ou podían fuxir.

—**Visto no 2022, pódese entender que os nenos foron cobaias.**

—Non o foron porque naquel momento, salvo que te puideras inmunizar a través do contactio directo cunha vaca infectada, saíbase que a mellor maneira de expandir a vacina era trasladala nunha cadea. E así móntase a expedición para levar os 21 nenos a América e desde ali comezar con outros nenos como portadores locais. Creo que foron heroes, non cobaias. Por iso é importante que os nenos de hoxe

coñezan a historia deste cativos.

—**E os nenos sabían ao que ían?**

—Tíñan entre 2 e 9 anos, pouco podían saber. Si había un compromiso real de que fan ter unha vida mellor que a da inclusa e coa recomendación de que tíñan servido ao rei. Había a promesa de que acabarían sendo acollidos por boas familias.

—**Non foi o caso de Juan Antonio.**

—Non tivo esa sorte porque consta que faleceu con 10 anos cando estaba en México na Escuela Patriótica, onde recibía formación. A mortalidade infantil naquela época era moi alta. A maioría dos nenos teñía a impresión de que, digamos, non se consolidaron. Si houbou un, Juan Francisco, de Sada, que chegou a ter título universitario, foi avogado e catedrático.

—**E sendo unha historia da que calquera reino se sentiría orgulloso como exemplo de saúde pública e universal, pasou desapercibida. Porque se isto o fan os ingleses...**

—Os ingleses e os franceses só vacinaban aos exércitos pero a misión española era universal. Houbo desgrazas históricas. Nese momento, á coroa española estaba preocupada por outros asuntos, como a chegada de Napoleón, o inicio do proceso de independencia das colonias... Diñamos que había moito ruído e batallas que primaban sobre unha acción tan humanitaria.

—**É unha historia necesaria de dar a coñecer.**

—Cando empecé a investigar pregunteíme: ¿Por que non contar o que fixeron estes nenos heroes pola humanidade? E logo, retomado coa pandemia actual do covid, dáserte conta da importancia que ten a saúde pública e universal. E a misión é un exemplo para estar orgullosos da medicina galega e española, que foron capaces de salvar miles de vidas. Merecen estar na nosa memoria.

Oferplan
La Voz de Galicia



lugo@grupolugo.hogar@concellodegalo.es

LUGO | Avalon Peluqueros
1 o 2 masajes relajantes de espalda

Relaja cuerpo y mente, disminuye los niveles de estrés y consigue bienestar y relajación.

DESCUENTO
50%

PRECIO DESDE
12€

Entra en
oferpelan.lavozdegalicia.es
y compra tu cupón

Carre de cupones: ver condiciones de las ofertas en oferpelan.lavozdegalicia.es. Oferta disponible en oferpelan.lavozdegalicia.es gestionada por Canal Voz S.L., con domicilio social en Ronda de Ourense, 1-3, 15006 A Coruña. Condiciones de uso y protección de datos disponibles en oferpelan.lavozdegalicia.es.*